

Programación cultural


Oleiros

setembro · decembro 2020



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org

The background of the image is a light-colored wooden surface with a vertical grain. Scattered across the surface are various autumn-themed items: several colorful leaves in shades of red, orange, yellow, and green, some with dark spots; several brown pinecones of different sizes; and a few dark brown chestnuts. The text is centered in the middle of the image.

***En atención ás indicacións
e medidas de seguridade e hixiene
fronte ao COVID-19,
todos os espectáculos
terán aforo limitado
e será obrigatorio manter
a distancia de seguridade
e asistir con máscara, así como
atender as indicacións
e normas da organización.***



Auditorio da Fábrica

Rúa do Inglés, 13 • Perillo



Teatro As Torres

Rúa Emilio Pardo Bazán, 17 • Santa Cruz / Liáns



Auditorio Gabriel García Márquez

Rúa do Chelito, s/n • Mera / Serantes

Sábado 12 de setembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Malasombra Produccións
“Bernarda”

Programación da Rede Galega de Teatros
e Auditorios-AGADIC

Autoría e dirección: José Prieto

Sinopse: *Bernarda* recolle o punto de partida de **“La casa de Bernarda Alba”**, escrita por Lorca en 1936, unha muller que queda viúva con fillas mozas e decreta un rigoroso loito, pero traslada a acción a unha vila de Galicia case corenta anos máis tarde, en 1975, nun momento clave da nosa historia recente, no que as ansias de cambios chocan coas tradicións máis arraigadas, como é neste caso, o loito. Bernarda, ao quedar viúva, intenta que todo siga sendo igual que sempre, como foi toda a súa vida, e que as malas influencias dunha sociedade en proceso de transformación non cheguen ás súas fillas nin a ela mesma. **Bernarda** é unha historia comprensible e universal, un choque xeracional.

Elenco: Luisa Merelas, Celia González e Esther Aja

Xénero: drama

Duración: 75 minutos

Público: maiores de 12 anos



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 19 de setembro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Teatro da Ramboia

“O meu mundo non é deste reino”

Obra gañadora do 1º certame de proxectos teatrais da Fundación Manuel María

Autoría: Adaptación da Farsa de Bululú de Manuel María

Sinopse: *O meu mundo non é deste reino*, é unha adaptación da Farsa de Bululú de Manuel María, unha parodia da ditadura franquista. A recuperación do título orixinal da obra serve para proxectar este laio silenciado no seu día.

Hoxe, encabeza o espectáculo de novo para facer fronte a un pasado que insiste en repetirse.

Uns feirantes chegan ao que chaman fogar logo dun día de traballo. Son Camilo e Tomás, dous monicrequeiros que levan o mesmo espectáculo polas vilas do país. Carretan ás costas un enorme “tutilimundi”. A disxuntiva de abril convérteo nunha caixa de Pandora latente. Contar e dar vida ao que contén supón a única vía de escape dos totalitarismos que os oprimen, un xeito de sobrevivir nun reino militarizado sen trazas de lóxica humanística. Ábrenos. As marionetas emerxen da farsa como alegorías incontrolables e esperpénticas dunha realidade pasada. A comedia ábrese paso como xerme de cambio nun xogo continuado entre o micro e macro teatro. Ata que todo remata. Desbórdase. Mais Camilo e Tomás volverán representar a súa farsa, o “tutilimundi” volverá a abrirse e a historia volverá comezar.

Dirección: María Peinado • **Elenco:** Anxo García e Fran Lareu

Xénero: comedia • **Duración:** 85 min • **Público:** maiores de 14 anos



Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollese a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 26 de setembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

*Compañía Exire
e Compañía Entremans*
“Médula”

Autoría, coreografía e dirección: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

Sinopse: Médula propónse viaxar á orixe do feminino, alegando todo aquilo que nos fai ser o que somos, tecendo o belo e o imperfecto da nosa calidade humana.

A peza fala de todas aquelas pegadas que vai deixando en cada muller aqueloutra que lle precedeu. Vertebradas desde o primeiro son, o rumoreo, as cancións, os relatos das nosas avoas e nais, segredos gardados na pel e nos ósos. Guerreiras e salvaxes, coidando do máis prezado para continuaren vivas e postergármonos nas seguintes.

“Médula” achega a danza ás vidas de todas/os. Volve ás lembranzas das nosas devanceiras conectando unha proposta física que parte da poética de cada artista e propón a riqueza da mestura de calidades de movemento diferentes, co imaxinario de todas, achegando así a danza ao público a través de sensacións comúns.

Elenco: Alba Fernández e Ana Beatriz Pérez

Xénero: danza

Duración: 50 minutos

Público: adulto



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Domingo 27 de setembro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

“Temple flamenco”

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Sinopse: Un espectáculo purista, guitarra, cante, percusión e baile: tres artistas e unha paixón!
Desde Galicia unha ventá ao sur! Arte e festa sobre o escenario.

- Elenco:**
- Joselete “El Boquerón”. Voz e guitarra flamenca. Este malagueño de nai galega é cantaor e guitarrista flamenco por dereito e artista experimentado en diferentes tablaos de toda Europa.
 - Karlos Barral. Percusionista cunha dilatada traxectoria musical en moi diversos proxectos é agora percusionista da Orquestra Sonoridad entre outras propostas.
 - Carolina Blanco Bailaora. Esta venezolana de orixe sefardí é titulada en pedagogía da danza e ten unha ampla experiencia como intérprete, coreógrafa e xestora cultural.

Xénero: danza flamenca

Público: todos os públicos



Prezo: 2,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 3 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

“Melancoholemia”

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Autoría e dirección: Antón Reixa

Sinopse: Sobre un texto propio, Antón Reixa, interpreta un paciente dunha institución mental que recibe os convidados nunha sesión de “portas abertas”. O texto, en clave satírica e na máis pura tradición do “teatro do absurdo” glosa o chamado estado de “melancoholemia”, a carencia de forma de ser.

As imaxes do vídeo realizado por Antonio Sergade, baseadas no tratamento de diversas obras da historia das artes plásticas, a música de Cachopou e a presenza da actriz Antela Cid conforman a posta en escena dirixida polo dramaturgo vasco Fernando Bernues (El Florido Pensil, El Hijo del Acordeonista).

Elenco: Antón Reixa e Pedro Brandariz

Xénero: comedia satírica e poesía con audiovisuais

Duración: 60 minutos

Público: adulto



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 10 de outubro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Teatro do Atlántico

“A conquista da escola de Madhubai”

Programación da Rede Galega de Teatros
e Auditorios-AGADIC

Autoría: Hèlène Cixous

Dirección: Xúlio Lago

Sinopse: Sakundeba, bandida, perseguida pola policía e polo exército, acusada do asasinato de máis de trinta homes que a violaran tempo atrás e de numerosos asaltos a man armada, preséntase na humilde morada de Pandala, unha sabia anciá que a criou cando era nena e que é a única persoa no mundo na que confía. Pídelle quedar durante dous días agochada na súa casa, para poder meditar con tranquilidade que decisión tomar nunha disxuntiva transcendental que se lle presenta. Sen tempo para que ela puidese reflexionar, aproxímase xa ao lugar un ministro do Goberno, que fora o provocador da disxuntiva e que vén demandar unha resposta.

A autora inspírase na historia de Phoolan Devi, coñecida como “a raíña dos bandidos”, quen foi unha destacada referencia para o feminismo autóctono indio. Con ese punto de partida, a historia transita por asuntos como as chamadas “mandas”, o dereito á educación, o impulso de rebeldía contra o maltrato, o concepto de liberdade, a complexa dialéctica entre lei e xustiza, o interese persoal e o interese público no exercicio da acción política e a vinganza: unha viaxe sen final.

A autora inspírase na historia de Phoolan Devi, coñecida como “a raíña dos bandidos”, quen foi unha destacada referencia para o feminismo autóctono indio. Con ese punto de partida, a historia transita por asuntos como as chamadas “mandas”, o dereito á educación, o impulso de rebeldía contra o maltrato, o concepto de liberdade, a complexa dialéctica entre lei e xustiza, o interese persoal e o interese público no exercicio da acción política e a vinganza: unha viaxe sen final.

Elenco: María Barcala, Sheyla Fariña e César Goldi

Xénero: drama • **Duración:** 85 minutos • **Público:** maiores de 12 anos

Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).



Sábado 17 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Chévere
“Curva España”

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Dramaturxia e dirección: Xesús Ron


Autoría: Xesús Ron, Manuel Cortés, Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo

Sinopse: Curva España é a historia da curva na que se matou España. Este proxecto é un paso máis para afondar nos mecanismos narrativos que xorden na fronteira entre a realidade e a ficción, entre a historia e a lenda, entre a pantalla e o escenario. Coma outras veces, partimos dunha historia moi local que se foi transmitindo oralmente de xeración en xeración entre a xente da comarca de Verín (Ourense) durante os últimos cen anos. Curva España trata sobre un crime aparentemente sen resolver, unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre os seus autores, motivacións e consecuencias. A partir da existencia de distintas versións sobre o caso, artellamos unha peza que ironiza sobre o formato documental combinando teatro e cine en directo, bebe do xénero policial e funciona como unha alegoría da construción do estado da nación española coma se fose a promesa dun tren que nunca chegou.

Elenco: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Lucía Estévez e Leticia T. Blanco

Xénero: teatro documento

Duración: 90 minutos • **Público:** maiores de 12 anos



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 24 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

ButacaZero

“Despois das ondas”

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Autoría: Ernesto Is

Dirección: Xavier Castiñeira

Sinopse: Despois da guerra, do exilio, da morte, do éxito, da soidade, do amor; despois de corenta anos, María Casares regresa á patria da súa infancia nunha xira teatral. A nena medrou para converterse na grande actriz da escena e do cinema francés, no símbolo da España refuxiada, no recordo dunha Galicia perdida na brétema do pasado. Será precisamente nesa néboa onde a gran Casares deberá perderse para atopar o significado dunha vida chea de éxitos e perdas, onde as pantasma que resoan na súa memoria axudarana a responder á verdadeira razón desta viaxe: quen é María?. Nesta peza mesturando cine en directo, teatro e música poderemos percorrer os lugares e momentos da vida de María Casares na súa viaxe de retorno tras corenta anos de exilio.

Elenco: Belén Constenla, Nerea Brey, Sonsoles Cordón, Roi Fernández, Beatriz de Vega e Ernesto Is

Xénero: drama

Duración: 75 minutos

Público: maiores de 12 anos



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 7 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Ibuprofeno Teatro
“O mel non caduca”

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Texto e dirección: Santiago Cortegoso


Sinopse: “O mel non caduca” é un espectáculo biodegradable e ecosostible xestado a partir dun proceso de creación colectiva, arredor da relación do ser humano cos obxectos, da degradación ecolóxica do planeta por mor da perversa lóxica consumista do capitalismo e da obsolescencia programada, tanto dos produtos como das persoas.

Dous científicos/apicultores, en 2.173, levan a cabo sofisticados e absurdos experimentos, nun contexto de futuro distópico no que o planeta está arrasado. Dous irmáns volven á casa familiar na aldea pola morte da súa nai. O conflito aflora cando deben xestionar as pertenzas familiares. É unha mestura de claves, un espectáculo moi aberto que toma elementos do teatro xestual, da imaxe, da instalación, do clown, da narración, do realismo, do texto contemporáneo, que vai saltando do máis poético ao máis cru, do realismo ao onírico. E todo en clave cómica, empregando a ironía e o humor, en múltiples e diferentes formas.

O mel non caduca é unha obra para emocionar e concienciar, e tamén para rir e reflexionar. Rir de nós mesmos, como individuos e como especie. Cuestionarnos como puidemos, como humanidade, ter chegado ata aquí.

Elenco: Marián Bañobre e Avelino González

Xénero: comedia **Duración:** 80 minutos • **Público:** maiores de 12 anos



Prezo: 2,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 14 de novembro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Bucanero

“Sesión continua”

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Texto: Irmáns da Costa

Dirección: Lino Braxe

Sinopse: O cine ten una indubidable influencia na sociedade actual. “Sesión continua” é unha homenaxe ao mundo do celuloide. Un paseo por películas como: “2001 Unha odisea no espazo”, “O Resplandor”, “Pulp Fiction”, “Febre do sábado noite”, “Instinto básico” ou “Psicose” entre outras.

Un espectáculo de humor onde o deseño lumínico e o traballo actoral son os piares dunha aposta novidosa e singular.


A obra xira arredor de catro pezas centrais polas que desfilan personaxes doutras películas, para xerar un relato hilarante.

Elenco: Sabela Hermida, Xosé Bonome e Pedro Picos

Xénero: comedia

Duración: 90 minutos

Público: maiores de 12 anos



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Venres 20 de novembro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

Cimarron String Trío:

Trinando un Trío

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Sinopse: Neste concerto poderanse escoitar temas compostos por Eduardo Coma e Simón García con elaboracións moi actualizadas harmonicamente que fai que este trío pareza case unha orquestra, ritmicamente lembra os tambores africanos.

Elenco: Eduardo Coma (violín), Raymond Arteaga (viola) e Simón García (contra-baixo)

Xénero: jazz

Público: todos os públicos



Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Sábado 21 de novembro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Produccións teatrais excéntricas
“Medida por medida”

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Autor: William Shakespeare

Dirección: Quico Cadaval


Sinopse: Acontece nunha Viena surrealista inventada por Shakespeare. O mandatario Duque Vincenzo pasa á clandestinidade e manda aplicar con todo rigor a lei contra os comportamentos inmoraís. Cae a lei por igual sobre o negocio do sexo e sobre a xuventude hedonista. Un mozo de boa familia é condenado a morte. Isto obriga a Isabella, a súa irmá monxa, a abandonar o convento por tres días coa tentativa de salvar a vida do seu peccadento irmán. Un mundo de vicio, perversidade e corrupción procurarán lixar a súa brancura virxinal. Palacios, cadeas e arrabaldes serán o labirinto que percorre Isabella na súa carreira contra a morte. Todo observado desde as sombras por un Duque Vincenzo, irrecoñecible baixo o hábito de frade mendicante.

Elenco: Melania Cruz, Patricia Vázquez, María Costas, Evaristo Calvo, Josito Porto, Santi Romay e Víctor Mosqueira

Xénero: comedia negra

Duración: 90 minutos

Público: maiores de 12 anos



Prezo: 5 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Domingo 22 de novembro ás 18:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Martín Camiña: *Novos feitizos e novas ilusións*

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Dirección: Martín Camiña

Sinopse: Espectáculo de maxia, humor e participación cheo de intres fascinantes: Como facer maxia nunha mudanza?, a verdade oculta do Principio de Acción e Reacción, o poder máxico da lectura, que haberá despois de "Luar"... Son só algunhas das moitas aparicións de ilusións e humor deste espectáculo, con comicidade, fondo musical e participación do público... e as manipulacións de cartas, cordas, mentalismo etc., nun espectáculo que pretende concienciar o público á devolución das esculturas ao seu lugar de orixe: ás rotondas, e a implantación de máquinas expendedoras de empanadas.

Elenco: Martín Camiña

Xénero: maxia

Duración: 70 minutos

Público: todos os públicos



Prezo: 2,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

Venres 27 de novembro ás 20:30 horas


Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

La Macana **“Pink Unicorns”**

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Autoría e dirección: Caterina Varela,
Aléxis Fernández e Samir Akika

Sinopse: A nova creación de La Macana pon enriba do escenario o propio Aléxis co seu fillo de catorce anos. Un auténtico desafío que nos fará gozar das marabillas da relación pai e fillo, da pericia de cada un.



As ganas de ambos os dous Fernández de compartir escenario é unha oportunidade. A oportunidade de vernos a nós mesmos reflectidos neles, pais e fillas, nais e fillos.

A oportunidade ademais de gozar de dous corpos nados para o movemento. Pink Unicorns conta coa coprodución do Agadic en Galicia e de dous importantes teatros en Alemaña: o Theater im Pumpenhaus e o Theater Bremen.

Elenco: Aléxis Fernández e Paulo Fernández

Xénero: danza

Duración: 60 minutos

Público: maiores de 12 anos

Prezo: 3,50 € (As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).



Domingo 13 de decembro ás 19.30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Encontro de Corais


Como todos os anos polo Nadal, o Departamento de Cultura organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, co fin de intercambiar impresións e felicitar nos o Aninovo

Abrirá o acto o Coro de Voces Brancas e xunto a el as corais participantes serán o Coro Tradicional Dorna, o Coro de Oleiros, a Coral Polifónica de Mera, Coral Airiños de Nós e a Coral Polifónica Lembranzas de Santa Cruz,

Cada coral interpretará tres temas e ao remate interpretarán unha peza conxunta.

Entrada de balde ata completar a capacidade da sala.



- 
- ***En atención ás indicacións e medidas de seguridade e hixiene fronte ao COVID-19, todos os espectáculos terán aforo limitado e será obrigatorio manter a distancia de seguridade e asistir con máscara, así como atender as indicacións e normas da organización.***
 - ***Prégase puntualidade. Por respecto aos artistas e ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.***
 - ***Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.***
 - ***Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.***
 - ***Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.***
 - ***Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.***



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

galicia



Xacobeo 2021

AGADIC



Axencia Galega das
Indústrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA